



Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]

OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PUBLICIDADE DOS PROXECTOS EN EXECUCIÓN AO ABEIRO DA ORDE DE 26 DE ABRIL DE 2019 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS XERAIS E SE CONVOCAN PARA O ANO 2019, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, AXUDAS A PROXECTOS COLECTIVOS, FINANCIADOS POLO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP), QUE CONTRIBÚAN Á PROTECCIÓN E RECUPERACIÓN DA BIODIVERSIDADE MARIÑA A TRAVÉS DUNHA MELLOR XESTIÓN E CONSERVACIÓN DOS RECURSOS MARIÑOS E DOS SEUS ECOSISTEMAS, ASÍ COMO AO FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL.

Con data 14 de marzo, publicouse no «Boletín Oficial do Estado» as medidas adoptadas a partir da declaración do estado de alarma foron principalmente de restricións sociais quedando prohibidas reunións e actos sociais. A partires desta data fóronse publicando diversas normativas que desenvolvían diferentes aspectos ao redor desas medidas de distanciamento social. O 3 de maio de 2020, publicouse orde polo que se flexibilizaban determinadas restricións sociais quedando autorizadas as de contacto sociais en grupos reducidos.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 24 de abril de 2020, adoptou ao abeiro do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, entre outros o acordo de autorizar a continuación da tramitación das axudas concedidas que se atopan en fase de execución da Orde de 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2019, en réxime de concorrência competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental.

O artigo 5 da citada orde de obrigas das entidades beneficiarias, no seu punto 2. i) establece a obriga de dar a adecuada publicidade ao carácter público da financiación da inversión realizada, con expresa mención á participación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP).

E en concreto establece que durante a realización da operación, o beneficiario informará ao público do apoio obtido dos fondos:





Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]

OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

1º. Facendo unha breve descrición da operación no sitio de Internet, no caso que dispoña dun, incluíndo os obxectivos e destacando o apoio financeiro da Unión. A descrición deberá permanecer durante todo o período de execución do proxecto e, aló menos, ata a data do pago final da axuda.

2º. Colocando un cartel con información sobre o proxecto (tamaño mínimo A3), no que se mencionará o apoio financeiro da UE, en un lugar facilmente visible para el público, deberá permanecer durante todo o período de execución do proxecto e, aló menos, ata a data do pago final da axuda.

3º. A entidade organizará, aló menos, unha xornada informativa, para divulgar o proxecto subvencionado.

A Resolución de 9 de agosto de 2019 de concesión das axudas convocadas pola orde de 26 de abril de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2019, establece o prazo de execución dos proxectos entre o un de xullo de 2019 e o 30 de xuño de 2020, o que fai que a execución final dos proxectos estean dentro do prazo en vigor do estado de alarma. Polo que, no que respecta a certas actividades que impliquen acercamento social, poden ser imposibles de realizar ou a lo menos estar sometidas a restricións que fan moi difícil a súa execución como inicialmente se tiña previsto.

Así mesmo, esta orde de convocatoria faculta na súa disposición derradeira segunda á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta orde.

Polo anteriormente exposto e co fin de facilitar o desenvolvemento das accións de publicidade dos proxectos sen que se incumpran as medidas de restrición social impostos pola declaración do estado de alarma, e na medida das súas posibilidades, os beneficiarios destas axudas poderán realizar as seguintes actuacións de publicidade en desenvolvemento do artigo 5.2.i) no referente á unha xornada informativa para divulgar o proxecto subvencionado :





Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español 2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b) - medida 121]

OIG: Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

- Reunións informativas de grupos reducidos sempre respectando o máximo de aforo permitido, distanciamento social e demais normas establecidas polas autoridades sanitarias.
- Videoconferencias informativas. Deberan facilitar o enlace tamén á esta Dirección Xeral
- Material audiovisual ou folletos dixitais (de ter a entidade unha páxina web propia). Deberan enviar a dirección web a esta Dirección Xeral.
- Comunicación masiva por correo electrónico dunha descrición do proxecto e/ou resumo de execución do proxecto. Deberan enviar dita comunicación en CC a esta Dirección Xeral.
- Calquera outra actuación de divulgación que facilite o coñecemento do proxecto subvencionado sempre cumprindo coas restricións de distanciamento social que estean en vigor en virtude do estado de alarma.

Estas actuacións de divulgación do proxecto subvencionado deberan ser acreditadas documentalmente e deberan presentarse xunto coa solicitude de pago final dentro do período de xustificación establecido aos efectos.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

